



## Concello de Boiro

---

### EXPEDIENTE PLN/2018/9

### NOTIFICACIÓN DA CONVOCATORIA DE SESIÓN PLENARIA ORDINARIA

Por medio desta comunicación notifícolle que o Sr. alcalde ditou no día de hoxe a seguinte resolución:

### “RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE CONVOCATORIA DE SESIÓN PLENARIA.

#### Expediente PLN/2018/9

LOGO DE VER a relación de procedementos concluídos que se poñen á disposición da Alcaldía (artigo 81.1.2) do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e artigo 3.2.A) do Real Decreto 128/2018 de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional).

TENDO EN CONTA o disposto nos artigos 78, 79 e 80 do Real decreto 2568/1086, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, con esta data RESOLVO:

**PRIMEIRO.** CONVOCAR unha sesión ORDINARIA do Pleno do Concello para o **xoves 15 de novembro de 2018, ás 20:00 horas a 1ª convocatoria** (e, á mesma hora, dous días hábiles despois, a 2ª), no salón de plenos da Casa do Concello coa seguinte ORDE DO DÍA:

#### A) Parte resolutiva

- 1.- Aprobación da acta da sesión plenaria do 28/06/2018.
- 2.- Aprobación da acta da sesión plenaria do 26/07/2018.
- 3.- Aprobación da acta da sesión plenaria do 13/09/2018.
- 4.- Ditame para a determinación de festivos locais para 2019.
- 5.- Ditame para a solicitude de autorización de compatibilidade do traballador municipal Máximo Ons Piñeiro. (Expediente 6185/2018).
- 6.- Ditame para a aprobación inicial do EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 19/2018 (Nº 3 de créditos extraordinarios e suplementos de crédito) (Expediente 8834/2018).
- 7.- Ditame para a aprobación do Plan de Obras Municipal Adicional (Investimentos financeiramente sostibles) (Expediente 4815/2018).
- 8.- Ditame para a aprobación inicial da modificación do Regulamento de funcionamento da Aula de educación secundaria de adultos (Expediente 8556/2018).
- 9.- Ditame sobre a moción do grupo municipal de ICBoiro do 27/04/2018 (NRE 4705) relativa á retirada do nome do alcalde dun escudo municipal e conservación do directorio de servizos

---

### Concello de Boiro



## Concello de Boiro

---

situado na praza de Galicia.

- 10.-** Ditame sobre a moción do grupo municipal do BNG do 30/04/2018 (NRE 4751) relativa ó acondicionamento da charca de Abanqueiro.
- 11.-** Ditame sobre a moción do grupo municipal de BOIRO NOVO/MIXTO do 30/04/2018 (NRE 4792) para a publicación anual dun ensaio en lingua galega sobre algún aspecto do noso concello.
- 12.-** Ditame sobre a moción do grupo municipal de BOIRO NOVO/MIXTO do 30/04/2018 (NRE 4793) para expresa-lo rexeitamento ó fallo da sentenza xudicial ó grupo de violadores “A Manada”.
- 13.-** Ditame sobre a moción do grupo municipal de BOIRO NOVO/MIXTO do 30/04/2018 (NRE 4794) para dinamización do mercadillo municipal.
- 14.-** Ditame sobre a moción do grupo municipal de ICBOIRO presentada o 02/05/2018 (NRE 4835) sobre a modificación do proxecto do colector do río Breiro.
- 15.-** Ditame sobre a moción do grupo municipal de ICBOIRO presentada o 10/05/2018 (NRE 5216) sobre reforma de baños e instalacións no soto do Mercado Municipal.
- 16.-** Ditame sobre a moción do grupo municipal de ICBOIRO presentada o 10/05/2018 (NRE 5218) sobre xestión da orde do día das sesións plenarias e sobre a convocatoria de sesións plenarias extraordinarias.
- 17.-** Ditame sobre a moción do grupo municipal de ICBOIRO presentada o 14/05/2018 (NRE 5394) sobre a construción dunha residencia xeriátrica pública en Boiro.
- 18.-** Ditame sobre a moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE presentada o 08/06/2018 (NRE 6535) sobre a construción de beirarrúas na avenida da Constitución, a adecuación dunha senda peonil na prolongación da rúa Salvador Allende, e posta en servizo do proxecto “Camiños Escolares Seguros”.
- 19.-** Ditame sobre a moción do grupo municipal de ICBOIRO presentada o 18/06/2018 (NRE 7273) sobre anomalías nas instalacións do aparcadoiro situado debaixo da casa consistorial.
- 20.-** Ditame sobre a moción do grupo municipal de ICBOIRO presentada o 05/07/2018 (NRE 8306) sobre a Lei de montes e o plan forestal.
- 21.-** Ditame sobre a moción do grupo municipal do BNG presentada o 06/07/2018 (NRE 8379) sobre a modificación da Lei de portos de Galicia.
- 22.-** Ditame sobre a moción do grupo municipal do BNG presentada o 06/07/2018 (NRE 8381) para declarar persoas non gratas ós compoñentes da “Manada”.
- 23.-** Ditame sobre a moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE (NRE 11222 do 28/09/2018) relativa á instalación de son e cronómetro nos semáforos da avda. da Constitución, Boiro.
- 24.-** Ditame sobre a moción do grupo municipal do BNG (NRE 11872 do 16/10/2018) de apoio ás persoas denunciadas por reclamar a devolución do Pazo de Meirás.
- 25.-** Ditame sobre a moción do grupo municipal Ciudadanos Boiro (NRE 12024 do 19/10/2018) para tramitar a devolución do cobro indebido no IRPF da prestación por maternidade.



## Concello de Boiro

---

**26.-** Ditame sobre a moción do grupo municipal do BNG (NRE 12116 do 23/10/2018) relativa ao arranxo e melloras na seguridade viaria na estrada municipal que vai dende o Redullo, pasando por Pomar do Rio-Enseño e rematando no lugar de Ameán.

**27.-** Ditame sobre a moción do grupo municipal de Ciudadanos Boiro (NRE 12208 do 25/10/2018) para a mellora da normativa relativa ao xogo e adicións.

**28.-** Ditame sobre a moción do grupo municipal do BNG (NRE 12358 do 29/10/2018) sobre o 25 de novembro.

**29.-** Ditame sobre a moción do grupo municipal do PP (NRE 12658 do 06/11/2018) relativa ó Día internacional en 2018 da eliminación da violencia contra a muller.

**30.-** Ditame sobre a moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE (NRE 12798 do 08/11/2018) relativa ó Día internacional contra a violencia de xénero. Proposta non ditaminada. Art.82.3 do ROF.

**31.-** Ditame sobre a moción do grupo municipal do BNG (NRE 12359 do 29/10/2018) sobre o sector eléctrico.

**32.-** Ditame sobre a moción do grupo municipal do BNG (NRE 12447 do 31/10/2018) en apoio aos traballadores e traballadoras de Alcoa demandando solución ao anunciado peche.

**33.-** Ditame sobre a moción do grupo municipal de Ciudadanos Boiro (NRE 12491 do 31/10/2018) relativa ao mal estado do pantalán de embarcacións profesionais en Escarabote.

### **B) Actividade de control.**

**B1.-** Toma de coñecemento de resolucións da Alcaldía.

**B2.-** Toma de coñecemento dos reparos de legalidade emitidos pola intervención municipal así como das principais anomalías en materia de ingresos, do 3º trimestre do 2018. (Expdte: 3845/2018).

**B3.-** Toma de coñecemento do informe de intervención sobre o cumprimento da obriga de subministración da información derivada da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, do 3º trimestre 2018. (Expdte: 3845/2018)

**B.4.-** Toma de coñecemento do informe da tesourería municipal sobre o cumprimento da obriga de información trimestral relativa ó período medio de pago a provedores e o cumprimento dos prazos de pago establecidos na lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, referido ó 3º trimestre de 2018. (Expdte: 3845/2018).

### **C) Mocións de urxencia.**

### **D) Rogos e preguntas.**

D1.- Rogos e preguntas.

**SEGUNDO.** Que se lle notifique esta resolución ós membros da corporación e se publique anuncio desta resolución no taboleiro de edictos en papel e telemático deste concello.

**TERCEIRO.** Desta resolución daráselle conta ó Pleno da Corporación na vindeira sesión que



## Concello de Boiro

---

este órgano realice.”

O que se lle notifica na súa condición de membro da corporación municipal, para o seu coñecemento e efectos oportunos.”

A partir deste momento tén á súa disposición os antecedentes dos asuntos da orde do día na Secretaría xeral do concello.

Boiro, na data que consta na marxe deste documento.

Francisco Javier Novoa Juárez (secretario xeral).